



## Fichas divulgativas pagamentos directos

## FICHA 1e.ii / PD

## Vacún de leite

### NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común.
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (art. 66 ao 69).

### DEFINICIÓNS

**Explotación:** todas as unidades utilizadas para actividades agrícolas e administradas por un/unha agricultor/a e situadas no territorio dun mesmo Estado membro.

**Animal potencialmente admisible:** un animal que, *a priori*, podería potencialmente cumprir os criterios de admisibilidade para recibir a axuda en virtude do réxime de axuda por animais ou dunha medida de axuda relacionada cos animais na campaña de solicitude en cuestión.

**Animal determinado:** nun réxime de axuda por animais, un animal que cumpre todas as condicións establecidas nas normas para a concesión da axuda, ou nunha medida de axuda relacionada cos animais, un animal identificado mediante controis administrativos ou sobre o terreo.

**Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos** (art. 4.1 e art. 2 Rgto. delegado (UE) 640/2014)

### NORMAS XERAIS

- Concederáse unha axuda asociada ás explotacións de gando vacún de leite co obxectivo de garantir a súa viabilidade económica e de reducir o risco de abandono desta actividade produtiva.
- As axudas concederanse por animal elixible e ano.
- Condicións:
  - ♣ Agricultor activo.
  - ♣ Inscritas no Rega como explotacións de bovinos cunha clasificación zootécnica de reprodución para a produción de leite ou reprodución para a produción mixta.
  - ♣ Explotacións con entregas de leite (a compradores ou venda directa) polo menos durante 6 meses no período comprendido entre o 1 de outubro de 2014 e o 30 de setembro de 2015.
  - ♣ Animais elixibles:
    - Vacas de aptitude láctea de idade igual ou superior a 24 meses na data en que finalice o prazo de solicitude (15.5.2015). Cruzamentos ata un máximo de kg. comercializados/6.500 kg.
    - Animais presentes na explotación en catro datas: 1 de xaneiro, 30 de abril e dúas datas intermedias por determinar.

**Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos** (art. 66 ao 69)



**REQUISITOS XERAIS PARA PODER ACCEDER AO PAGAMENTO**

Establécense dúas liñas de axuda:

- Diferenciación segundo a localización da explotación e o número de animais:
  - a) Axuda ás primeiras 75 vacas das explotacións situadas en zonas de montaña.
  - b) Axuda ás primeiras 75 vacas das explotacións situadas fóra de zonas de montaña.
  - c) Axuda ás vacas distintas das 75 primeiras das explotacións situadas en zonas de montaña.
  - d) Axuda ás vacas distintas das 75 primeiras das explotacións situadas fóra de zonas de montaña.
  
- Nos casos en que a explotación se compoña de máis dunha unidade de produción, situadas en distintas rexións, para determinar a rexión en que se localiza a explotación do solicitante, atenderase ao número de animais elixibles en cada unha das unidades de produción. A explotación entenderase localizada na rexión onde radiquen as unidades de produción que sumen o maior número de animais elixibles, de xeito que todos os animais elixibles recibirán o importe correspondente a esa rexión, con independencia de que parte deles estean situados en unidades pertencentes á outra.
  
- Razas de aptitude láctea:
  - Frisona
  - Fleckvieh
  - Montebeliard
  - Parda
  - Jersey e outras incluídas no anexo XIII
  - Cruzamentos en explotacións con clasificación zootécnica de reprodución para a produción de leite ou mixtas.
  
- En explotacións mixtas (leite e carne), para determinar o número de animais con pleno dereito a cada tipo de axuda asociada, a pertenza dos animais ao censo de vacas de leite ou nutrices establecerase mediante a relación entre a cantidade de leite comercializado e o rendemento leiteiro medio establecido para España en 6.500 kg.
  
- O importe por cabeza determinarase anualmente a partir do número de animais elixibles no ámbito do Estado e do orzamento dispoñible.

Obrigatorio	Si	X Non	Obs.:
Agricultor activo	X Si	Non	Obs.:
Actividade agraria	X Si	Non	Obs.:
Ter solicitude única en 2013	Si	X Non	Obs.:
Ter pagamento base	Si	X Non	Obs.:

**Observacións:**